

Disposición adicional terceira. *Obriga de comunicar os nomeamentos.*

1. As entidades do sector público estatal, de dereito público ou privado, deberán informar a Oficina de Conflictos de Intereses dos nomeamentos que efectúen respecto daqueles postos de traballo que conforme esta lei teñan a condición de altos cargos.

2. As entidades ou empresas públicas ou privadas con representación do sector público nos seus consellos de administración comunicarán á Oficina de Conflictos de Intereses as designacións que efectúen para o seu consello de administración ou órganos de goberno en persoas que conforme o disposto nesta lei teñan a condición de alto cargo.

Disposición adicional cuarta.

A obriga de comparecer ante a comisión correspondente do Congreso dos Deputados, prevista no número 1 do artigo 2 desta lei, será aplicable ao fiscal xeral do Estado, polo cal se modificará, no dito sentido, a Lei 50/1981, do 30 de decembro, que regula o Estatuto orgánico do ministerio fiscal.

Disposición transitoria.

Os altos cargos actualmente nomeados disporán dun prazo de seis meses para formular novas declaracións de actividades e de bens e dereitos de acordo coa redacción desta lei, quedando automaticamente sen efectos as autorizacións de compatibilidade concedidas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei e, expresamente:

a) A Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

b) O número 2 do artigo 181 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

c) A disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de aplicación e desenvolvemento.*

O Goberno aprobará no prazo de catro meses, contado desde a entrada en vigor desta lei, as normas regulamentarias que exixa a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Lei de contratos das administracións públicas.*

Engádesse unha nova letra l) ao artigo 20 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, nos seguintes termos:

«Contratar persoas respecto das cales se publicase no Boletín Oficial del Estado o incumprimento a que se refire o artigo 18.6 da Lei 5/2006, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, por pasar a prestar servizos en empresas ou sociedades privadas directamente relacionadas coas competencias do cargo desempeñado durante os dous anos seguintes á data de cesamento nel. A prohibición de contratar manterase

durante o tempo que permaneza dentro da organización da empresa a persoa contratada co límite máximo de dous anos contados desde o cesamento como alto cargo.»

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6474 REAL DECRETO 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto. («BOE» 86, do 11-4-2006.)

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un adecuado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte aos riscos derivados das condicións de traballo, no marco dunha política coherente, coordinada e eficaz.

Segundo o artigo 6 da lei citada no parágrafo anterior, son as normas regulamentarias as que deben ir concretando os aspectos máis técnicos das medidas preventivas, establecendo as medidas mínimas que se deben adoptar para a adecuada protección dos traballadores. Entre tales medidas atópanse as destinadas a garantir a protección dos traballadores contra os riscos derivados da exposición ao amianto durante o traballo.

Así mesmo, a seguridade e a saúde dos traballadores foron obxecto de diversos convenios da Organización Internacional do Traballo ratificados por España e que, polo tanto, forman parte do noso ordenamento xurídico. Destaca, polo seu carácter xeral, o Convenio número 155, do 22 de xuño de 1981, sobre seguridade e saúde dos traballadores e ambiente de traballo, ratificado por España o 26 de xullo de 1985 e, polo seu carácter específico, o Convenio número 162, do 24 de xuño de 1986, sobre a utilización do asbesto, en condicións de seguridade, ratificado por España o 17 de xullo de 1990.

No ámbito da Unión Europea, o artigo 137 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea establece como obxectivo a mellora, en concreto, do contorno de traballo, para protexer a saúde e seguridade dos traballadores. Con esa base xurídica, a Unión Europea foise dotando nos últimos anos dun corpo normativo altamente avanzado que se dirixe a garantir un mellor nivel de protección da saúde e de seguridade dos traballadores.

Ese corpo normativo está integrado por diversas directivas específicas. No ámbito da protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao amianto durante o traballo, foron adoptadas, en con-

creto, dúas directivas. A primeira delas foi a Directiva 83/477/CEE, do Consello, do 19 de setembro de 1983, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao amianto durante o traballo. Esta directiva incorporouse ao noso ordenamento xurídico interno mediante a Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 31 de outubro de 1984, pola que se aproba o Regulamento sobre traballos con risco de amianto. Posteriormente foron aprobadas unha serie de normas como complemento ás disposicións do regulamento. A primeira foi a Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 7 de xaneiro de 1987, pola que se establecen normas complementarias do regulamento sobre traballos con risco de amianto. Posteriormente aprobáronse outras normas que regulaban e desenvolvían aspectos máis concretos sobre esta materia: Resolución da Dirección Xeral de Traballo, do 8 de setembro de 1987, sobre tramitación de solicitudes de homologación de laboratorios especializados na determinación de fibras de amianto; Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 22 de decembro de 1987, pola que se aproba o modelo de libro de rexistro de datos correspondentes ao Regulamento sobre traballos con risco de amianto; Resolución da Dirección Xeral de Traballo, do 20 de febreiro de 1989, pola que se regula a remisión de fichas de seguimento ambiental e médico para o control da exposición ao amianto.

Novamente tendo como orixe o ámbito comunitario, a aprobación da Directiva 91/382/CEE, do 25 de xuño, modificativa da Directiva 83/477/CEE, obrigou a modificar as normas españolas. Isto levouse a cabo mediante a Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 26 de xullo de 1993, pola que se modifican os artigos 2.º, 3.º e 13.º da Orde do 31 de outubro de 1984 pola que se aproba o Regulamento sobre traballos con risco de amianto e o artigo 2.º da Orde do 7 de xaneiro de 1987 pola que se establecen normas complementarias ao citado regulamento.

Actualmente, a aprobación da Directiva 2003/18/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de marzo de 2003, que unha vez máis modifica a Directiva 83/477/CEE, obriga a adaptar a lexislación española nesta materia. Entre as diversas posibilidades de transposición da citada directiva, optouse pola aprobación dunha norma en que, ao tempo que se efectúa esta adaptación da normativa española á comunitaria, se incorpore toda a dispersa regulación española sobre esta materia, evitando desenvolvementos ou remisións a regulacions posteriores. Isto responde á necesidade formulada desde todos os ámbitos implicados de dotar a normativa española sobre o amianto dunha regulación única, evitando a dispersión e complexidade actual, que se vería aumentada en caso de proceder a unha nova modificación do regulamento.

Xunto á exixencia comunitaria, non se pode esquecer a necesidade de actualizar o Regulamento sobre traballos con risco de amianto. A Orde do 31 de outubro de 1984 foi unha norma adiantada ao seu tempo, que introducía no ámbito dos traballos con amianto conceptos preventivos descoñecidos na nosa normativa, daquela denominada de seguridade e hixiene: avaliación de riscos, formación e información dos traballadores, etc. No entanto, nos anos transcorridos desde 1984, España dotouse dun marco xurídico sobre prevención equiparable ao existente nos países do noso contorno europeo, e isto exixe unha actualización das disposicións sobre esta materia, adaptándoas a ese novo escenario.

Esta actualización ten tamén a súa base na Orde do Ministerio da Presidencia, do 7 de decembro de 2001, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limita-

cións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos, que estableceu a prohibición de utilizar, producir e comercializar fibras de amianto e produtos que as conteñan.

O real decreto consta de dezanove artigos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, catro disposicións derradeiras e cinco anexos. Os artigos agrúpanse en tres capítulos. No primeiro capítulo inclúense, como disposicións de carácter xeral, o obxecto, as definicións e o ámbito de aplicación. No capítulo segundo agrupáronse as obrigas do empresario en cuestións tales como: o límite de exposición e as prohibicións en materia de amianto; a avaliación e o control do ambiente de traballo; as medidas técnicas xerais de prevención e as medidas organizativas; condicións de utilización dos equipamentos de protección individual das vías respiratorias; as medidas de hixiene persoal e de protección individual; as disposicións específicas para a realización de determinadas actividades; os plans de traballo previos ás actividades con amianto e condicións para a súa tramitación; as disposicións relativas á formación, información e consulta e participación dos traballadores; e, por último, as obrigas en materia de vixilancia da saúde dos traballadores. Finalmente, no terceiro capítulo agrupáronse unha serie de disposicións de contido vario, aínda que dominadas polo seu carácter documental: inscrición no Rexistro de empresas con risco por amianto; rexistro dos datos e arquivo da documentación; e tratamento de datos xerados ao abeiro do real decreto.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e oíuse a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de marzo de 2006,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto, no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establecer disposicións mínimas de seguridade e saúde para a protección dos traballadores contra os riscos derivados da exposición ao amianto durante o traballo, así como a prevención de tales riscos.

2. As disposicións do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, aplicaranse plenamente ao conxunto do ámbito recollido no punto anterior, sen prexuízo das disposicións máis específicas contidas no real decreto.

3. As disposicións do Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, e do Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo, aplicaranse plenamente ao ámbito recollido no punto 1 deste artigo, sen prexuízo das disposicións máis rigorosas ou específicas previstas neste real decreto.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos de aplicación deste real decreto, o termo amianto designa os silicatos fibrosos seguintes, de acordo coa identificación admitida internacionalmente do rexistro de substancias químicas do Chemical Abstract Service (CAS):

- a) Actinolita amianto, n.º 77536-66-4 do CAS,
- b) Grunerita amianto (amosita), n.º 12172-73-5 do CAS,
- c) Antofilita amianto, n.º 77536-67-5 do CAS,
- d) Crisotilo, n.º 12001-29-5 do CAS,
- e) Crocidolita, n.º 12001-28-4 do CAS, e
- f) Tremolita amianto, n.º 77536-68-6 do CAS.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto é aplicable ás operacións e actividades en que os traballadores estean expostos ou sexan susceptibles de estaren expostos a fibras de amianto ou materiais que o conteñan, e especialmente en:

- a) Traballos de demolición de construcións onde exista amianto ou materiais que o conteñan.
- b) Traballos de desmantelamento de elementos, maquinaria ou útiles onde exista amianto ou materiais que o conteñan.
- c) Traballos e operacións destinadas á retirada de amianto, ou de materiais que o conteñan, de equipamentos, unidades (tales como barcos, vehículos, trens), instalacións, estruturas ou edificios.
- d) Traballos de mantemento e reparación dos materiais con amianto existentes en equipamentos, unidades (tales como barcos, vehículos, trens), instalacións, estruturas ou edificios.
- e) Traballos de mantemento e reparación que impliquen risco de desprendemento de fibras de amianto pola existencia e proximidade de materiais de amianto.
- f) Transporte, tratamento e destrución de residuos que conteñan amianto.
- g) Vertedoiros autorizados para residuos de amianto.
- h) Todas aquelas outras actividades ou operacións en que se manipulen materiais que conteñan amianto, sempre que exista risco de liberación de fibras de amianto ao ambiente de traballo.

2. Non obstante o anterior, sempre que se trate de exposicións esporádicas dos traballadores, que a intensidade de tales exposicións sexa baixa e que os resultados da avaliación prevista no artigo 5 indiquen claramente que non se superará o valor límite de exposición ao amianto na área da zona de traballo, os artigos 11, 16, 17 e 18 non serán de aplicación cando se traballe:

- a) en actividades curtas e descontinuas de mantemento durante as cales só se traballe con materiais non friables,
- b) na retirada sen deterioración de materiais non friables,
- c) na encapsulación e na selaxe de materiais en bo estado que conteñan amianto, sempre que estas operacións non impliquen risco de liberación de fibras, e
- d) na vixilancia e control do aire e na toma de mostradas para detectar a presenza de amianto nun material determinado.

CAPÍTULO II

Obrigas do empresario

Artigo 4. *Límite de exposición e prohibicións.*

1. Os empresarios deberán asegurarse de que ningún traballador está exposto a unha concentración de amianto no aire superior ao valor límite ambiental de exposición diaria (VLA-ED) de 0,1 fibras por centímetro cúbico medidas como unha media ponderada no tempo para un período de oito horas.

2. Sen prexuízo da aplicación doutras disposicións normativas relativas á comercialización e á utilización do amianto, prohibense as actividades que expoñen os traballadores ás fibras de amianto na extracción do amianto, a fabricación e a transformación de produtos de amianto ou a fabricación e transformación de produtos que conteñan amianto engadido deliberadamente.

Exceptúanse desta prohibición o tratamento e refugallo dos produtos resultantes da demolición e da retirada do amianto.

Artigo 5. *Avaliación e control do ambiente de traballo.*

1. Para todo tipo de actividade determinado que poida presentar un risco de exposición ao amianto ou a materiais que o conteñan, a avaliación de riscos a que fai referencia o artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, debe incluír a medición da concentración de fibras de amianto no aire do lugar de traballo e a súa comparación co valor límite establecido no artigo 4.1, de maneira que se determine a natureza e o grao de exposición dos traballadores.

Se o resultado da avaliación pon de manifesto a necesidade de modificar o procedemento empregado para a realización dese tipo de actividade, xa cambiando a forma de desenvolver o traballo ou xa adoptando medidas preventivas adicionais, deberase realizar unha nova avaliación unha vez que se implantase o novo procedemento.

Cando o resultado da avaliación de riscos a que se refire este punto o fixer necesario, e con vistas a garantir que non se supera o valor límite establecido no artigo 4, o empresario realizará controis periódicos das condicións de traballo.

2. As avaliacións repetiranse periodicamente. En calquera caso, sempre que se produza un cambio de procedemento, das características da actividade ou, en xeral, unha modificación substancial das condicións de traballo que poida facer variar a exposición dos traballadores, será preceptiva a inmediata avaliación dos postos de traballo afectados.

3. A periodicidade das avaliacións de riscos e controis das condicións de traballo determinarase tendo en conta, polo menos, a información recibida dos traballadores, e atendendo especialmente aos factores que poidan orixinar un incremento das exposicións respecto ás inicialmente avaliadas.

4. As avaliacións de riscos deberán ser efectuadas por persoal cualificado para o desempeño de funcións de nivel superior e especialización en hixiene industrial, conforme o establecido no capítulo VI do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

O procedemento para a toma de mostradas e a análise (reconto de fibras) axustarase aos requisitos establecidos no anexo I.

Para efectos deste real decreto, entenderase por fibras de amianto ou asbestos: aquelas partículas desta materia en calquera das súas variedades, cuxa lonxitude sexa superior a 5 micrómetros, o seu diámetro inferior a

3 micrómetros e a relación lonxitude-diámetro superior a 3.

5. A análise (reconto de fibras) de amianto só a poderán realizar laboratorios especializados cuxa idoneidade para tal fin sexa recoñecida formalmente pola autoridade laboral que corresponda ao territorio da comunidade autónoma onde se encontre o laboratorio, consonte o procedemento establecido no anexo II.

Artigo 6. *Medidas técnicas xerais de prevención.*

En todas as actividades a que se refire o artigo 3.1, a exposición dos traballadores a fibras procedentes do amianto ou de materiais que o conteñan no lugar de traballo debe quedar reducida ao mínimo e, en calquera caso, por debaixo do valor límite fixado no artigo 4.1, especialmente mediante a aplicación das seguintes medidas:

a) Os procedementos de traballo deberanse concibir de tal forma que non produzan fibras de amianto ou, se iso resultar imposible, que non haxa dispersión de fibras de amianto no aire.

b) As fibras de amianto producidas eliminaranse, nas proximidades do foco emisor, preferentemente mediante a súa captación por sistemas de extracción, en condicións que non supoñan un risco para a saúde pública e o ambiente.

c) Todos os locais e equipamentos utilizados deberán estar en condicións de se poder limpar e manter eficazmente e con regularidade.

d) O amianto ou os materiais dos cales se desprendan fibras de amianto ou que conteñan amianto deberán ser almacenados e transportados en embalaxes cerradas apropiadas e con etiquetas regulamentarias que indiquen que conteñen amianto.

e) Os residuos, excepto nas actividades de minaría, que se rexerán polo disposto na súa normativa específica, deberanse agrupar e transportar fóra do lugar de traballo o antes posible en embalaxes cerradas apropiadas e con etiquetas que indiquen que conteñen amianto. Posteriormente, eses refugallos deberán ser tratados consonte a normativa aplicable sobre residuos perigosos.

Artigo 7. *Medidas organizativas.*

O empresario, en todas as actividades a que se refire o artigo 3.1, deberá adoptar as medidas necesarias para que:

a) O número de traballadores expostos ou que poidan estar expostos a fibras de amianto ou de materiais que o conteñan sexa o mínimo indispensable.

b) Os traballadores con risco de exposición a amianto non realicen horas extraordinarias nin traballen por sistema de incentivos no suposto de que a súa actividade laboral exixa sobreesforzos físicos, posturas forzadas ou se realice en ambientes calorosos determinantes dunha variación de volume de aire inspirado.

c) Cando se supere o valor límite fixado no artigo 4, se identifiquen as causas e se tomen o antes posible as medidas adecuadas para remediar a situación.

Non se poderá proseguir o traballo na zona afectada se non se toman medidas adecuadas para a protección dos traballadores implicados.

Posteriormente, comprobarase a eficacia de tales medidas mediante unha nova avaliación do risco.

d) Os lugares onde tales actividades se realicen:

1.º estean claramente delimitados e sinalizados por paneis e sinais, de conformidade coa normativa en

materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo,

2.º non poidan ser accesibles a outras persoas que non sexan aquelas que, por razón do seu traballo ou da súa función, deban operar ou actuar neles,

3.º sexan obxecto da prohibición de beber, comer e fumar.

Artigo 8. *Equipamentos de protección individual das vías respiratorias.*

1. Cando a aplicación das medidas de prevención e de protección colectiva, de carácter técnico ou organizativo, resulte insuficiente para garantir que non se supere o valor límite establecido no artigo 4.1, deberanse utilizar equipamentos de protección individual para a protección das vías respiratorias, de conformidade co disposto no Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipamentos de protección individual.

Non obstante o anterior, mesmo cando non se supere o indicado valor límite, o empresario porá estes equipamentos á disposición daquel traballador que así o solicite expresamente.

2. A utilización dos equipamentos de protección individual das vías respiratorias non poderá ser permanente e o seu tempo de utilización, para cada traballador, deberá limitarse ao mínimo estritamente necesario sen que en ningún caso se poidan superar as 4 horas diarias. Durante os traballos realizados cun equipamento de protección individual das vías respiratorias, deberanse prever as pausas pertinentes en función da carga física e condicións climatolóxicas.

Artigo 9. *Medidas de hixiene persoal e de protección individual.*

1. O empresario, en todas as actividades a que se refire o artigo 3.1, deberá adoptar as medidas necesarias para que:

a) os traballadores dispoñan de instalacións sanitarias apropiadas e adecuadas;

b) os traballadores dispoñan de roupa de protección apropiada ou doutro tipo de roupa especial adecuada, facilitada polo empresario; esta roupa será de uso obrigatorio durante o tempo de permanencia nas zonas en que exista exposición ao amianto e necesariamente substituída pola roupa propia antes de abandonar o centro de traballo;

c) os traballadores dispoñan de instalacións ou lugares para gardar de maneira separada a roupa de traballo ou de protección e a súa propia roupa;

d) se dispoña dun lugar determinado para o almacenamento adecuado dos equipamentos de protección e se verifique que se limpen e se comprobe o seu bo funcionamento, se for posible con anterioridade e, en todo caso, despois de cada utilización, reparando ou substituíndo os equipamentos defectuosos antes dun novo uso;

e) os traballadores con risco de exposición a amianto dispoñan para o seu aseo persoal, dentro da xornada laboral, de, polo menos, dez minutos antes da comida e outros dez minutos antes de abandonar o traballo.

2. O empresario responsabilizarase do lavado e descontaminación da roupa de traballo, quedando prohibido que os traballadores leven esta roupa ao seu domicilio para tal fin. Cando contratase tales operacións con empresas especializadas, estará obrigado a asegu-

rarse de que a roupa se envía en recipientes pechados e etiquetados coas advertencias precisas

3. De acordo co artigo 14.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, o custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo establecidas por este real decreto non poderá recaer en ningún modo sobre os traballadores.

Artigo 10. *Disposicións específicas para determinadas actividades.*

1. Para determinadas actividades, como obras de demolición, de retirada de amianto, de reparación e de mantemento, nas cales se pode prever a posibilidade de que se supere o valor límite fixado no artigo 4, a pesar de utilizarse medidas técnicas preventivas tendentes a limitar o contido de amianto no aire, o empresario establecerá as medidas destinadas a garantir a protección dos traballadores durante tales actividades, e en particular as seguintes:

a) os traballadores recibirán un equipamento de protección individual das vías respiratorias apropiado e os demais equipamentos de protección individual que sexan necesarios, velando o empresario polo seu uso efectivo;

b) instalaranse paneis de advertencia para indicar que é posible que se supere o valor límite fixado no artigo 4;

c) deberá evitarse a dispersión de po procedente do amianto ou de materiais que o conteñan fóra dos locais ou lugares de acción.

d) a correcta aplicación dos procedementos de traballo e das medidas preventivas previstas deberá supervisala unha persoa que conte cos coñecementos, a cualificación e a experiencia necesarios nestas actividades e coa formación preventiva correspondente como mínimo ás funcións do nivel básico.

2. Antes do comezo de obras de demolición ou mantemento, os empresarios deberán adoptar –se cumprir, solicitando información dos propietarios dos locais– todas as medidas adecuadas para identificar os materiais que poidan conter amianto. Se existe a menor dúbida sobre a presenza de amianto nun material ou unha construción, deberán observarse as disposicións deste real decreto que resulten de aplicación.

Para estes efectos, a identificación deberá quedar reflectida no estudo de seguridade e saúde, ou no estudo básico de seguridade e saúde, a que se refire o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, ou de ser o caso, na avaliación de riscos naquelas obras nas cales regulamentariamente non sexa exixible a elaboración destes estudos.

Artigo 11. *Plans de traballo.*

1. Antes do comezo de cada traballo con risco de exposición ao amianto incluído no ámbito de aplicación deste real decreto, o empresario deberá elaborar un plan de traballo.

Este plan deberá prever, en particular, o seguinte:

a) que o amianto ou os materiais que o conteñan sexan eliminados antes de aplicar as técnicas de demolición, salvo no caso de que esta eliminación cause un risco aínda maior aos traballadores que se o amianto ou os materiais que conteñan amianto se deixasen in situ;

b) que, unha vez que se rematasen as obras de demolición ou de retirada do amianto, será necesario asegurarse de que non existen riscos debidos á exposición ao amianto no lugar de traballo.

2. O plan de traballo deberá prever as medidas que, de acordo co previsto neste real decreto, sexan necesarias para garantir a seguridade e saúde dos traballadores que vaian levar a cabo estas operacións.

O plan deberá especificar:

a) Descrición do traballo que se vai realizar con especificación do tipo de actividade que corresponda: demolición, retirada, mantemento ou reparación, traballos con residuos, etc.

b) Tipo de material que se intervirá, indicando se é friable (amianto proxectado, calorifugados, paneis illantes, etc.) ou non friable (fibrocemento, amianto-vinilo, etc.), e de ser o caso, a forma de presentación deste na obra, indicando as cantidades que se manipularán de amianto ou de materiais que o conteñan.

c) Situación do lugar en que se efectuarán os traballos.

d) A data de inicio e a duración prevista do traballo.

e) Relación nominal dos traballadores implicados directamente no traballo ou en contacto co material que conteña amianto, así como categorías profesionais, oficios, formación e experiencia de tales traballadores nos traballos especificados.

f) Procedementos que se aplicarán e as particularidades que se requiran para a adecuación destes procedementos ao traballo concreto que se vaia realizar.

g) As medidas preventivas previstas para limitar a xeración e dispersión de fibras de amianto no ambiente e as medidas adoptadas para limitar a exposición dos traballadores ao amianto.

h) Os equipamentos utilizados para a protección dos traballadores, especificando as características e o número das unidades de descontaminación e o tipo e modo de uso dos equipamentos de protección individual.

i) Medidas adoptadas para evitar a exposición doutras persoas que se encontren no lugar onde se efectúe o traballo e na súa proximidade.

j) As medidas destinadas a informar os traballadores sobre os riscos a que están expostos e as precaucións que deban tomar.

k) As medidas para a eliminación dos residuos de acordo coa lexislación vixente indicando empresa xestora e vertedoiro.

l) Recursos preventivos da empresa indicando, en caso de que estes sexan alleos, as actividades concertadas.

m) Procedemento establecido para a avaliación e o control do ambiente de traballo de acordo co previsto neste real decreto.

3. Non obstante o previsto nos puntos anteriores, os plans de traballo sucesivos poderán remitirse ao sinalado nos plans anteriormente presentados ante a mesma autoridade laboral, respecto daqueles datos que se manteñan inalterados.

4. Cando se trate de operacións de curta duración con presentación irregular ou non programables con antelación, especialmente nos casos de mantemento e reparación, o empresario poderá substituír a presentación dun plan por cada traballo por un plan único, de carácter xeral, referido ao conxunto destas actividades, no cal se conteñan as especificacións para ter en conta no seu desenvolvemento. Non obstante, este plan deberá ser actualizado se cambian significativamente as condicións de execución.

5. Os empresarios que contraten ou subcontraten con outros a realización dos traballos comprendidos no ámbito deste real decreto, deberán comprobar que tales contratistas ou subcontratistas contan co correspon-

dente plan de traballo. Para tales efectos, a empresa contratista ou subcontratista deberá remitir á empresa principal o plan de traballo, unha vez aprobado pola autoridade laboral.

6. Para a elaboración do plan de traballo deberán ser consultados os representantes dos traballadores.

Artigo 12. *Tramitación de plans de traballo.*

1. O plan de traballo presentárase para a súa aprobación ante a autoridade laboral correspondente ao lugar de traballo en que se vaian realizar tales actividades. Cando este lugar de traballo pertenza a unha comunidade autónoma diferente a aquela en que se realíza a inscrición no Rexistro de empresas con risco por amianto, o empresario deberá presentar, xunto co plan de traballo, unha copia da ficha de inscrición no dito rexistro.

O plan de traballo a que se refire o punto 4 do artigo anterior someterase á aprobación da autoridade laboral correspondente ao territorio da comunidade autónoma onde radiquen as instalacións principais da empresa que o execute.

2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de corenta e cinco días, contado desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro da autoridade laboral competente; se, transcorrido este prazo, non se notificase pronunciamiento expreso, o plan de traballo entenderase aprobado.

Na tramitación do expediente deberase solicitar o informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social e dos órganos técnicos en materia preventiva das correspondentes comunidades autónomas.

3. Cando a autoridade laboral que aprobe un plan de traballo sexa diferente da do territorio onde a empresa se encontra rexistrada, remitirá copia da resolución aprobatoria do plan á autoridade laboral do lugar onde figure rexistrada.

4. No non previsto neste real decreto será de aplicación o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Formación dos traballadores.*

1. De conformidade co artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, o empresario deberá garantir unha formación apropiada para todos os traballadores que estean, ou poidan estar, expostos a po que conteña amianto. Esta formación non terá ningún custo para os traballadores e deberase impartir antes de que inicien as súas actividades ou operacións con amianto e cando se produzan cambios nas funcións que desempeñen ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo, repetíndose, en todo caso, a intervalos regulares.

2. O contido da formación deberá ser facilmente comprensible para os traballadores. Deberalles permitir adquirir os coñecementos e competencias necesarios en materia de prevención e de seguridade, en particular en relación con:

a) as propiedades do amianto e os seus efectos sobre a saúde, incluído o efecto sinérxico do tabaquismo;

b) os tipos de produtos ou materiais que poidan conter amianto;

c) as operacións que poidan implicar unha exposición ao amianto e a importancia dos medios de prevención para minimizar a exposición;

d) as prácticas profesionais seguras, os controis e os equipamentos de protección;

e) a función, elección, selección, uso apropiado e limitacións dos equipamentos respiratorios;

f) de ser o caso, segundo o tipo de equipamento utilizado, as formas e os métodos de comprobación do funcionamento dos equipamentos respiratorios;

g) os procedementos de emerxencia;

h) os procedementos de descontaminación;

i) a eliminación de residuos;

j) as exixencias en materia de vixilancia da saúde.

Artigo 14. *Información dos traballadores.*

1. De conformidade co disposto no artigo 18.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, o empresario, en todas as actividades a que se refire o artigo 3.1, deberá adoptar as medidas necesarias para que os traballadores e os seus representantes reciban información detallada e suficiente sobre:

a) os riscos potenciais para a saúde debidos a unha exposición ao po procedente do amianto ou de materiais que o conteñan;

b) as disposicións contidas no presente real decreto e, en particular, as relativas ás prohibicións e á avaliación e control do ambiente de traballo;

c) as medidas de hixiene que deben adoptar os traballadores, así como os medios que o empresario debe facilitar para tal fin;

d) os perigos especialmente graves do hábito de fumar, dada a súa acción potenciadora e sinérxica coa inhalación de fibras de amianto;

e) a utilización e obrigatoriedade, de ser o caso, da utilización dos equipamentos de protección individual e da roupa de protección e o seu correcto emprego e conservación;

f) calquera outra información sobre precaucións especiais dirixidas a reducir ao mínimo a exposición ao amianto.

2. Ademais das medidas a que se refire o punto 1, o empresario informará os traballadores e os seus representantes sobre:

a) os resultados obtidos nas avaliacións e controis do ambiente de traballo efectuados e o seu significado e alcance;

b) os resultados non nominativos da vixilancia sanitaria específica fronte a este risco.

Ademais, cada traballador será informado individualmente dos resultados das avaliacións ambientais do seu posto de traballo e dos datos da súa vixilancia sanitaria específica, facilitándolle cantas explicacións sexan necesarias para a súa fácil comprensión.

3. Se se superase o valor límite fixado no artigo 4, os traballadores afectados, así como os seus representantes na empresa ou centro de traballo, serán informados o máis rapidamente posible disto e das causas que o motivaron, e serán consultados sobre as medidas que se van adoptar ou, en caso de urxencia, sobre as medidas adoptadas.

4. Aconsellarase e informarase os traballadores no relativo a calquera control médico que sexa pertinente efectuar con posterioridade ao cesamento da exposición. En particular, sobre a aplicación aos ditos traballadores do establecido no artigo 37.3.e) do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, en materia de vixilancia da saúde máis alá da finalización da relación laboral.

5. O traballador terá dereito a solicitar e obter os datos que sobre a súa persoa consten nos rexistros e arquivos que os empresarios teñan establecidos en virtude do previsto no presente real decreto. En todo caso, o empresario, con ocasión da extinción do contrato de

traballo, ao lles comunicar aos traballadores a denuncia ou, de ser o caso, o aviso previo da súa extinción, débelle entregar ao traballador certificado onde se inclúan os datos que sobre a súa persoa consten no punto 3, referido aos datos das avaliacións, do anexo IV, e no anexo V deste real decreto.

6. Os delegados de prevención ou, no seu defecto, os representantes legais dos traballadores recibirán unha copia dos plans de traballo a que se refire o artigo 11 deste real decreto.

Artigo 15. *Consulta e participación dos traballadores.*

A consulta e participación dos traballadores ou os seus representantes sobre as cuestións a que se refire este real decreto realizaranse de conformidade co disposto no artigo 18.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro.

Artigo 16. *Vixilancia da saúde dos traballadores.*

1. O empresario garantirá unha vixilancia adecuada e específica da saúde dos traballadores en relación cos riscos por exposición a amianto, realizada por persoal sanitario competente, segundo determinen as autoridades sanitarias nas pautas e protocolos elaborados, de conformidade co disposto no artigo 37.3 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. Esta vixilancia será obrigatoria nos seguintes supostos:

a) Antes do inicio dos traballos incluídos no ámbito de aplicación do presente real decreto con obxecto de determinar, desde o punto de vista médico-laboral, a súa aptitude específica para traballos con risco por amianto.

b) Periódicamente, todo traballador que estea ou estivese exposto a amianto na empresa someterase a recoñecementos médicos coa periodicidade determinada polas pautas e protocolos a que se refire o punto 1.

2. Todo traballador con historia médico-laboral de exposición ao amianto será separado do traballo con risco e remitido a estudo ao centro de atención especializada correspondente, para efectos de posible confirmación diagnóstica, e sempre que na vixilancia sanitaria específica se poña de manifesto algún dos signos ou síntomas determinados nas pautas e protocolos a que se refire o punto 1.

3. Tendo en conta o longo período de latencia das manifestacións patolóxicas por amianto, todo traballador con antecedentes de exposición ao amianto que cese na relación de traballo na empresa en que se produciu a situación de exposición, xa sexa por xubilación, cambio de empresa ou calquera outra causa, seguirá sometido a control médico preventivo, mediante recoñecementos periódicos realizados, a través do Sistema Nacional de Saúde, en servizos de pneumoloxía que dispoñan de medios adecuados de exploración funcional respiratoria ou outros servizos relacionados coa patoloxía por amianto.

CAPÍTULO III

Disposicións varias

Artigo 17. *Obriga de inscrición no rexistro de empresas con risco por amianto.*

1. Todas as empresas que vaian realizar actividades ou operacións incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto deberán inscribirse no Rexistro de empresas con risco por amianto existente nos órganos correspondentes da autoridade laboral do territorio onde radi-

quen as súas instalacións principais, mediante a formalización da ficha recollida no anexo III.

Os órganos a que se refire o parágrafo anterior enviarán copia de todo asento practicado nos seus respectivos rexistros ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, onde existirá un censo de empresas con risco por amianto.

Os rexistros das administracións competentes na materia estarán intercomunicados para poderen dispor de toda a información que conteñen.

2. As empresas inscritas no Rexistro de empresas con risco por amianto deberán comunicar á autoridade laboral á que se refire o parágrafo primeiro do punto anterior toda variación dos datos anteriormente declarados, no prazo de quince días desde aquel en que tales cambios se produzan.

Artigo 18. *Rexistros de datos e arquivo de documentación.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 23 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, as empresas comprendidas no ámbito de aplicación do presente real decreto están obrigadas a establecer e manter actualizados os arquivos de documentación relativos a:

a) Ficha de inscrición presentada no Rexistro de empresas con risco por amianto (RERA).

b) Plans de traballo aprobados.

c) Fichas para o rexistro de datos da avaliación da exposición nos traballos con amianto, de conformidade co disposto no anexo IV.

d) Fichas para o rexistro de datos sobre a vixilancia sanitaria específica dos traballadores, de conformidade co disposto no anexo V.

2. As fichas para o rexistro dos datos de avaliación da exposición nos traballos con amianto deberán remitirse, unha vez executados os traballos afectados polo plan, á autoridade laboral que o aprobouse. Esta autoridade laboral, pola súa vez, remitirá copia desta información á autoridade laboral do lugar onde a empresa estea rexistrada.

No caso dos plans de traballo únicos a que se refire o artigo 11.4, as fichas para o rexistro dos datos de avaliación da exposición deberán remitirse, antes do final de cada ano, á autoridade laboral do lugar onde a empresa estea rexistrada.

3. As fichas para o rexistro de datos sobre a vixilancia sanitaria específica dos traballadores deberán ser remitidas polo médico responsable da vixilancia sanitaria, antes do final de cada ano, á autoridade sanitaria do lugar onde a empresa estea rexistrada.

4. Os datos relativos á avaliación e control ambiental, os datos de exposición dos traballadores e os datos referidos á vixilancia sanitaria específica dos traballadores conservaranse durante un mínimo de corenta anos despois de finalizada a exposición, remitíndose á autoridade laboral en caso de que a empresa cese na súa actividade antes de tal prazo.

Os historiais médicos serán remitidos pola autoridade laboral á sanitaria, quen os conservará, garantíndose en todo caso a confidencialidade da información neles contida. En ningún caso a autoridade laboral conservará copia dos citados historiais.

Artigo 19. *Tratamento de datos.*

O tratamento automatizado dos datos rexistrados ou almacenados en virtude do previsto neste real decreto só se poderá realizar nos termos previstos na Lei orgá-

nica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional primeira. *Transmisión de información ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.*

Para o adecuado cumprimento das funcións que o artigo 8 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, lle atribúe ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, as autoridades laborais remitirán ao citado Instituto copia das resolucións de autorización dos plans de traballo, así como toda a información relativa ao anexo III e ao anexo IV das empresas rexistradas no seu territorio.

Disposición adicional segunda. *Elaboración e actualización da guía técnica.*

O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, de acordo co disposto no artigo 5.3 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, elaborará e manterá actualizada unha guía técnica, de carácter non vinculante, para a avaliación dos riscos relacionados coa exposición a amianto durante o traballo. Nesta guía estableceranse, en concreto, orientacións prácticas para a determinación da exposición esporádica e de baixa intensidade recollida no artigo 3.2 deste real decreto, así como criterios harmonizados de actuación para a aprobación dos plans de traballo recollidos no artigo 11.

Disposición transitoria primeira. *Datos arquivados antes da entrada en vigor deste real decreto.*

Os datos rexistrados e a documentación arquivada en virtude do previsto na Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 31 de outubro de 1984, pola que se aproba o Regulamento sobre traballos con risco de amianto, deberanse conservar nos termos establecidos na dita normativa.

Disposición transitoria segunda. *Empresas inscritas no RERA no momento de entrada en vigor deste real decreto.*

Os rexistros de empresas con risco por amianto actualmente existentes nos órganos competentes das autoridades laborais subsistirán e os datos inscritos neles conservarán a súa validez, sen prexuízo do disposto no parágrafo seguinte, polo que as empresas que figuren inscritas en tales rexistros na data de entrada en vigor deste real decreto non terán que cubrir nova ficha de inscrición.

As empresas que na data de entrada en vigor deste real decreto estivesen inscritas nos rexistros de empresas con risco por amianto de varias comunidades autónomas, manterán como única inscrición a do rexistro daquela comunidade autónoma na cal radiquen as súas instalacións principais; para estes efectos, as citadas empresas procederán a solicitar a súa baixa nos rexistros do resto das comunidades autónomas en que estivesen inscritas.

Non obstante o anterior, as empresas estarán obrigadas a lles facilitar ás autoridades laboral e sanitaria os datos que estas requiran con obxecto de completar os antecedentes que constan nos rexistros existentes.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e expresamente as seguintes:

a) Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 31 de outubro de 1984, pola que se aproba o Regulamento sobre traballos con risco de amianto.

b) Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 7 de xaneiro de 1987, pola que se establecen normas complementarias do Regulamento sobre traballos con risco de amianto.

c) Resolución da Dirección Xeral de Traballo, do 8 de setembro de 1987, sobre tramitación de solicitudes de homologación de laboratorios especializados na determinación de fibras de amianto.

d) Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 22 de decembro de 1987, pola que se aproba o modelo de libro-rexistro de datos correspondentes ao Regulamento sobre traballos con risco de amianto.

e) Resolución da Dirección Xeral de Traballo, do 20 de febreiro de 1989, pola que se regula a remisión de fichas de seguimento ambiental e médico para o control de exposición ao amianto.

f) Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 26 de xullo de 1993, pola que se modifican os artigos 2.º, 3.º e 13.º da Orde do 31 de outubro de 1984 pola que se aproba o Regulamento sobre traballos con risco de amianto e o artigo 2.º da Orde do 7 de xaneiro de 1987 pola que se establecen normas complementarias ao citado regulamento.

Disposición derradeira primeira. *Título de competencias.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, así como do disposto no artigo 149.1.18.^a

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2003/18/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de marzo de 2003, pola que se modifica a Directiva 83/477/CEE, do Consello, do 19 de setembro de 1983, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao amianto durante o traballo.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais, logo de informe favorable do ministro de Sanidade e Consumo, e logo de informe da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto, así como para as adaptacións de carácter estritamente técnico dos seus anexos en función do progreso técnico e da evolución de normativas ou especificacións internacionais ou dos coñecementos en materia de amianto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 31 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA
SANZ

ANEXO I

Requisitos para a toma de mostras e a análise (reconto de fibras)

1. A medición incluíra a toma de mostras representativas da exposición persoal dos traballadores ás fibras de amianto e a súa posterior análise.

As mostras ambientais estáticas, non persoais, só serán procedentes para detectar a presenza de fibras de amianto no aire nas situacións tales como:

- no ambiente de lugares de traballo en que existan ou se sospeite que poidan existir materiais de amianto;
- no exterior dos encerramentos en que se efectúen traballos con amianto, ou no interior das unidades de descontaminación;
- despois de realizar traballos con amianto, para asegurar que o lugar de traballo e o seu contorno non quedaron contaminados e non existen riscos debidos á exposición ao amianto.

2. A estratexia da medición incluíndo o número de mostras, a duración e a oportunidade da medición, deberá ser tal que sexa posible determinar unha exposición representativa para un período de referencia de oito horas (unha quenda) mediante medicións ou cálculos ponderados no tempo. Para tal efecto terase en conta o disposto no artigo 16 da Lei de prevención de riscos laborais e no Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo e na guía técnica do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo para a avaliación e prevención dos riscos presentes nos lugares de traballo relacionados con axentes químicos (Real decreto 374/2001, do 6 de abril).

3. A toma de mostras e a análise (reconto de fibras) realizarase preferentemente polo procedemento descrito no método MTA/MA-051 do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, «Determinación de fibras de amianto e outras fibras en aire. Método do filtro de membrana/microscopía óptica de contraste de fases», segundo o método recomendado pola Organización Mundial da Saúde en 1997, ou por calquera outro método que dea resultados equivalentes.

ANEXO II

Recoñecemento da capacidade técnica dos laboratorios especializados na análise (reconto) de fibras de amianto

O recoñecemento formal da idoneidade dos laboratorios será obxectivo e fundado sobre a súa capacidade técnica, efectuándose de acordo con criterios pre-determinados e coñecidos polos interesados, proporcionándose desta maneira as garantías necesarias tanto para a posición de tales interesados, como

para a adopción de resolucións adecuadamente xustificadas.

Co fin de facer coñecidas as condicións básicas que serán tomadas en conta á hora de emitir un xuízo sobre tal idoneidade, e os trámites administrativos que de maneira uniforme se seguirán no procedemento necesario para iso, dispónse o seguinte:

1. O laboratorio que desexa obter a acreditación como laboratorio especializado na análise (reconto) de fibras de amianto deberá cumprir os seguintes requisitos:

1.1 Dispor con carácter permanente das instalacións, equipamentos, medios materiais e persoal adecuados para as análises (recontos) de fibras de amianto, de acordo co especificado a este respecto no método do INSHT «Determinación de fibras de amianto e outras fibras en aire» (MTA/MA-051), elaborado de acordo co método recomendado pola OMS.

1.2 Ter establecido un sistema de xestión da calidade para as análises (recontos) de fibras de amianto. Este sistema terá en conta os principios xerais sobre calidade nas medicións de axentes químicos que se especifican no apéndice 6 da guía técnica do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) para a avaliación e prevención dos riscos presentes nos lugares de traballo relacionados con axentes químicos (Real decreto 374/2001, do 6 de abril). A este respecto deberase cumprir o que se indica nas alíneas 8.3.3.3 e 8.3.4 do protocolo de acreditación.

1.3 Participar de forma continuada e ser clasificado como satisfactorio no Programa interlaboratorios de control de calidade para o reconto de fibras de amianto (PICC-FA) do INSHT.

2. A solicitude de acreditación efectuarase mediante instancia dirixida á autoridade laboral competente, e irá acompañada dos datos e documentos que se indican e detallan nos puntos 1 e 2 do protocolo de acreditación recollido no punto 8.

3. Recibida a solicitude, a autoridade laboral solicitará informe do INSHT e cantos outros considere necesarios para resolver fundamentadamente.

4. Co fin de emitir o seu informe, o INSHT realizará a verificación dos datos presentados na solicitude e practicará os correspondentes controis de acordo co indicado no protocolo de acreditación que se detalla no punto 8 do presente anexo. Para iso, o INSHT terá libre acceso ás instalacións, documentos, rexistros e arquivos de mostras e resultados do laboratorio. Ademais, o INSHT poderá facer uso dos datos da participación e clasificación do laboratorio no PICC-FA.

5. A autoridade laboral, á vista dos informes recibidos, ditará resolución concedendo ou denegando a acreditación solicitada.

A resolución que conceda a acreditación entenderase outorgada con carácter indefinido, terá validez en todo o territorio nacional e producirá efectos ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

6. O laboratorio deberá manter as condicións en que se baseou a súa acreditación. Con este fin, o INSHT verificará o mantemento destes requisitos na forma establecida no protocolo de acreditación.

Se como resultado das comprobacións efectuadas, directamente ou a través das comunicacións sinaladas no punto anterior, a autoridade laboral que concedeu a acreditación tivese constancia do incumprimento de requisitos que determinaron aquela, ditará resolución de extinción da acreditación outorgada.

7. No non previsto no presente anexo será de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

dico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. Protocolo para a acreditación de laboratorios especializados na análise (reconto) de fibras de amianto.

8.1 As solicitudes deberán indicar os seguintes datos:

Denominación do laboratorio:

Natureza xurídica:

N.º de identificación fiscal:

N.º patronal da Seguridade Social:

Enderezo:

Teléfono/Fax/correo electrónico:

Nome do solicitante:

Posto ou cargo que desempeña:

Data desde a que o laboratorio realiza recontos de fibras de amianto:

Data de inscrición no PICC-FA:

Data e clasificación do laboratorio na última avaliación de resultados do PICC-FA:

8.2 Esta solicitude irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Plano do laboratorio.

b) Organización interna (indicar en forma de organigrama as relacións e dependencias do persoal).

c) Follas de datos do persoal do laboratorio que conteñan a información seguinte:

Nome:

Titulación:

Cargo:

Experiencia (anos):

Formación para a análise (reconto) de fibras:

Outros datos que considere de interese:

(cubrirase unha folla de datos por cada unha das persoas relacionadas co reconto, incluíndo o responsable do laboratorio).

d) Memoria descritiva das instalacións, equipamentos e aparellos utilizados para a análise de fibras, con indicación das súas características esenciais.

e) Relación de documentos que compoñen o sistema de xestión de calidade para o reconto de fibras de amianto.

f) Procedementos internos do laboratorio para o control de calidade.

8.3 Visita de inspección.

8.3.1 Os laboratorios que solicitasen o recoñecemento da súa capacidade técnica serán obxecto dunha visita de inspección realizada por técnicos do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, especialistas na determinación de fibras de amianto en aire.

8.3.2 A data para a visita de inspección concertase por escrito entre o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo e o laboratorio solicitante, a partir da data de recepción polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo do expediente de solicitude completo, incluíndo os datos e a información complementaria que se considere necesario posuír antes de proceder á realización da visita, e dentro dos tres meses seguintes a esta data.

8.3.3 Obxecto da visita. A visita de inspección estará enfocada á comprobación de todos os datos presentados polo laboratorio solicitante, especialmente en canto á dispoñibilidade e adecuación dos medios técnicos e humanos e documentos do sistema de calidade para a realización dos recontos de fibras e, en especial, dos procedementos para o aseguramento da calidade

dos resultados e o mantemento de rexistros e arquivos de mostras e resultados.

8.3.3.1 Recursos técnicos dos laboratorios. Os equipamentos, instalacións, instrumentación e métodos de traballo deben ser conformes cos especificados en relación coa análise das mostras no método MTA/MA-051 do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, baseado no método da Organización Mundial da Saúde (1997).

8.3.3.2 Recursos humanos dos laboratorios. Tanto o responsable dos recontos coma o seu persoal auxiliar deben ter unha formación adecuada no reconto de fibras de amianto. Exixirase o certificado de ter recibido cursos ou adestramento específico para este fin, polo menos ao responsable dos recontos. Esta preparación e adestramento pódese realizar nos cursos programados para este fin polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo ou noutra entidade ou organismo con especialización e experiencia actualizada na materia.

8.3.3.3 Sistema de calidade. Requirirase que o laboratorio dispoña de procedementos internos documentados para todas as etapas necesarias para a análise das mostras (recepción de mostras, preparación, reconto de fibras, calibración, control de calidade, informe de resultados). Documentaranse e aplicaranse condicións para a aceptación de mostras e resultados.

8.3.4 Arquivo de resultados e conservación das mostras. Deberanse conservar todos os resultados das análises até un período mínimo de 40 anos, así como todas as preparacións permanentes correspondentes ás mostras analizadas até un mínimo de 10 anos, co obxecto de poder realizar as comprobacións que fosen pertinentes.

8.3.5 Avaliación dos datos da visita de inspección. O INSHT emitirá un informe á autoridade laboral de cuxas conclusións se poida deducir o ditame sobre a idoneidade do laboratorio. Cando os datos obtidos das visitas de inspección indiquen deficiencias que non permitan recoñecer tal idoneidade, o laboratorio será informado destas.

8.4 Control de calidade.

8.4.1 O laboratorio deberá participar de forma continuada e ser cualificado como satisfactorio no Programa interlaboratorios de control de calidade para o reconto de fibras de amianto (PICC-FA) do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

8.4.2 A participación no PICC-FA implica a análise (reconto) de fibras das series de mostras de control que circulan entre os laboratorios. As avaliacións dos laboratorios participantes realízanse no momento da finalización das circulacións.

8.4.3 Para que un laboratorio sexa cualificado como satisfactorio requírese que analizase 32 mostras (dúas series) e obtivese polo menos o 75% dos resultados (> 24 resultados) dentro dos límites de control establecidos no programa. O laboratorio debe manter sempre este requisito de forma continua nas dúas últimas series de mostras circuladas.

8.5 Cando se cumplan os requisitos especificados para o recoñecemento da capacidade técnica do laboratorio indicados no punto 1 do presente anexo, verificados a través da visita de inspección e dos resultados de participación no PICC-FA, o INSHT emitirá un informe de proposta de acreditación dirixido á autoridade laboral correspondente.

8.6 O INSHT verificará o mantemento dos requisitos exixidos para a acreditación a través do seguimento da participación do laboratorio en PICC-FA e das visitas

de inspección periódicas que se realizarán a este, tal como se indica no número 9 do presente punto.

8.7 Cando o INSHT observe anomalías ou incumprimentos no mantemento de calquera destes requisitos, informará de inmediato a autoridade laboral, propondo a suspensión temporal da acreditación do laboratorio até que estas anomalías ou deficiencias sexan emendadas. Así mesmo, o laboratorio poderá solicitar a baixa temporal voluntaria da acreditación cando así o considere conveniente.

8.8 O laboratorio en situación de baixa ou suspensión temporal poderá solicitar a renovación da acreditación cando se emendasen os motivos que a produciron. Para conceder esta renovación a autoridade laboral solicitará informe do INSHT, que para tal fin realizará as comprobacións e controis oportunos.

8.9 Inspeccións periódicas. As visitas de inspección repetiránse periodicamente cando o INSHT o considere conveniente e como mínimo cada catro anos, para comprobar que se manteñen os requisitos exixidos aos laboratorios acreditados.

8.10 Notificación de modificacións. En calquera caso, a autoridade laboral debe ser informada polo laboratorio de calquera modificación que poida afectar os datos recollidos no seu expediente. Estas modificacións poden ser consecuencia tanto da posta en práctica das recomendacións recibidas para a corrección das deficiencias detectadas, como por iniciativa ou outros motivos propios do laboratorio. A autoridade laboral enviará as notificacións recibidas ao INSHT que, á vista destas, determinará se procede unha nova inspección para as oportunas comprobacións.

ANEXO III

REXISTRO DE EMPRESAS CON RISCO POR AMIANTO (RERA)

FICHA DE INSCRIPCIÓN

Núm. de rexistro: __ / ____
 Cód. prov.

Data: __ / __ / __

Para cubrir pola autoridade laboral

1. Identificación da empresa

Nome:

Razón social:

NIF:

NISS:

Domicilio social:

Provincia: C.P.:

Teléfono: Fax: Correo electrónico:

CNAE:

Nome do solicitante:

Cargo que ocupa na empresa:

En, o de de 20.....

Sinatura

Selo da empresa

Sinatura e selo da autoridade laboral.

ANEXO IV

FICHA PARA O REXISTRO DE DATOS DA AVALIACIÓN DA EXPOSICIÓN NOS TRABALLOS CON AMIANTO

NOME DA EMPRESA:

.....

N.º REXISTRO DA EMPRESA: ___/___/___

Cód. prov.

PLAN DE TRABALLO N.º: ___/___/___

Cód. prov.

Data de inicio e finalización do traballo: ___/___/___ - ___/___/___

1. TIPO DE ACTIVIDADE REALIZADA	2. TIPO DE MATERIAL INTERVIDO
<input type="checkbox"/> 1. Retirada de amianto e materiais con amianto. <input type="checkbox"/> 2. Mantemento / reparación de materiais con amianto. <input type="checkbox"/> 3. Transporte de residuos. <input type="checkbox"/> 4. Tratamento e destrución de residuos. <input type="checkbox"/> 5. Outras (especificar):	<input type="checkbox"/> 1. Amianto proxectado e revestimentos con amianto en paredes, teitos e elementos estruturais. <input type="checkbox"/> 2. Calorifugados. <input type="checkbox"/> 3. Outros materiais friables: paneis, tecidos de amianto, cartóns, feltros, etc. (especificar): <input type="checkbox"/> 4. Fibrocemento. <input type="checkbox"/> 5. Lousas amianto-vinilo. <input type="checkbox"/> 6. Outros materiais non friables: masillas, pinturas, adhesivos, etc. (especificar):

3. DATOS DAS AVALIACIÓNS

Nome do traballador	DNI	Núm Seguridade Social	Tipo actividade (1)	Tipo material (2)	Exposición diaria (fibras/cm ³) (3)	Días de exposición	Tipo de EPI (4)

(1) Segundo a clasificación dada en 1. Para cada tipo de actividade considerárase o conxunto de operacións realizadas polo traballador diferenciándose, só se procede, a operación máis relevante.

(2) Segundo a clasificación dada en 2.

(3) Exposición diaria expresada en fibras/cm³: é a concentración media de fibras de amianto na zona de respiración do traballador, medida ou calculada de forma ponderada con respecto ao tempo para a xornada laboral real e referida a unha xornada estándar de 8 horas diarias. Esta exposición refírese á determinada ao realizar a última avaliación do tipo de actividade efectuada, conforme o disposto nos puntos 1, 2 e 3 do artigo 5.

(4) Tipo de EPI en caso de que se utilizase.

4. AVALIACIÓN REALIZADA POR:

- Servizo de Prevención propio.
 Servizo de Prevención alleo. Nome da entidade:
 Laboratorio de análises (reconto) de fibras:
 Método utilizado se foi diferente do MTA/MA-051 do INSHT:

Data e sinatura:

ANEXO V

FICHA DE VIXILANCIA DA SAÚDE DOS TRABALLADORES EXPOSTOS A AMIANTO

I. Datos do traballador	
Nome e apelidos:	Sexo:
DNI	N.º S.S.
Enderezo:	
Teléfono:	Correo electrónico:
Data de nacemento:	Data actual:

II. Historia laboral							
Empresa	Actividade (CNAE)	Ocupación (CNO)	De..... (ano inicio)	A... (ano fin)	Tempo (meses)	Exposición a amianto	
						Si	Non

III. Hábito de consumo de tabaco				
1. Non fuma nin fumou nunca de maneira habitual <input type="checkbox"/>				
2. Fuma diariamente no momento actual	N.º anos	Cigarros	Nº cigarros/día	
		Pipa	Nº pipas/día	
		Xarutos	Nº xarutos/día	
3. Fumaba diariamente no pasado Data en que deixou de fumar ___/___/___	N.º anos	Cigarros	Nº cigarros/día	
		Pipa	Nº pipas/día	
		Xarutos	Nº xarutos/día	

IV. Sintomatoloxía		Si	Non
1. TOSE		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2. EXPECTORACIÓN		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
1. GRAO DE DISPNEA		0 <input type="checkbox"/> 1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>	
0. Ausencia de dispnea agás ao realizar exercicio intenso. 1. Dispnea ao andar á présa ou subir unha costa pouco pronunciada. 2. Incapacidade de manter o paso doutras persoas da mesma idade, camiñando en chan, debido á dificultade respiratoria, ou ter que descansar ao andar en chan ao propio paso. 3. Ter que parar a descansar ao andar uns 100 metros ou aos poucos minutos de andar en chan. 4. A dispnea impídelle saír da casa ou aparece con actividades como vestirse ou desvestirse.			

V. Exploración funcional respiratoria	
Informe do patrón ventilatorio:	0 <input type="checkbox"/> 1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/>
0.Normal 1.Obstrutivo 2.Restrictivo 3.Mixto	

VI. Exploración radiolóxica
Radiografía de tórax (ou TAC se os achados non son claros):
En caso de anomalías compatibles con asbestose, usarase a clasificación internacional da OIT de 1980:

VII. Resultado do estudo realizado		
Sen achados patolóxicos		<input type="checkbox"/>
Achados patolóxicos en relación co amianto	Asbestose	<input type="checkbox"/>
	Fibrose pleural difusa con repercusión funcional	<input type="checkbox"/>
	Derramo pleural benigno	<input type="checkbox"/>
	Atelectasia redonda	<input type="checkbox"/>
	Placas de fibrose pleurais	<input type="checkbox"/>
Neoplasias con posible relación co amianto	Mesotelioma pleural	<input type="checkbox"/>
	Mesotelioma peritoneal	<input type="checkbox"/>
	Neoplasia pulmonar	<input type="checkbox"/>
	Outras neoplasias	<input type="checkbox"/>
Periodicidade pautada da revisión		

(Remitirase copia dos correspondentes Informes de radiodiagnóstico e/ou de anatomía patolóxica, se os houber)

VIII. Cambio de posto de traballo	Si	Non
Por indicación médico-laboral	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

IX. EXAME DE SAÚDE REALIZADO POR:

- Servizo de Prevención propio:
 Servizo de Prevención alleo. Nome da entidade:
 Hospital:
 Protocolo utilizado, se foi diferente do editado polas administracións sanitarias:

Data e sinatura: